

A D.O. Ribeira Sacra recomenda o 15 de setembro como inicio oficial da vendima

O pleno do **Consello Regulador da D.O. Ribeira Sacra** reuniuse a última hora deste 31 de agosto para decidir a data recomendada para o inicio xeneralizado da vendima na Denominación de Orixe.

Os resultados dos **controis de maduración** nas viñas, que desenvolveu o equipo técnico da Denominación durante os últimos días, permiten determinar o estado da uva e definir a data oficial para o inicio da vendima nesta campaña.

O pleno decidiu como data oficial para esta campaña, o **15 de setembro**, prolongándose previsiblemente a recollida da uva ata outubro; podendo chegar ao redor dos **6 millóns de quilos de uva**. O pasado ano a data oficial foi o 15 de setembro e finalizaba a vendima o 20 de outubro.

Na última semana algunha adega realizou traballos puntuais de vendima, tendo colleitos ata o momento case 11.000 quilos de uva, principalmente Godello con 8.141 quilos. Séguenlle: Merenzao, 1.429 quilos e Albariño, 1.285 quilos.

Durante os próximos días, viticultores e adegueiros, estarán pendentes da climatoloxía para decidir como planean a súa vendima.